



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

Apertura do curso académico 2022-2023 na Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación

JULIO PICATOSTE BOBILLO DEFENDE QUE A VERDADE NON É SÓ O OBXECTIVO DA PROBA XUDICIAL SENÓN CONDICIÓN NECESARIA PARA O LOGRO DUNHA SENTENZA XUSTA

A RAGXEL celebrou hoxe a apertura do curso académico 2022-2023, en sesión solemne, baixo a presidencia de José Luis Seoane Spiegelberg, acompañado do vicepresidente Francisco Ordóñez Armán. Miguel Ángel Pérez Álvarez, académico secretario xeral, deu lectura ao resumo da memoria de actividades correspondente ao curso anterior. Seguidamente, o presidente deu a palabra ao académico de número Julio Picatoste Bobillo, encargado do discurso inaugural do curso que agora comeza, titulado "Verdade, proba e proceso civil".

A Coruña, 24 de outubro de 2022.- A preocupación do lexislador por asegurar que a verdade chegue ao proceso é indiscutible, sinalou o académico numerario Julio César Picatoste Bobillo no discurso de apertura dun novo curso Académico na RAGXEL. En "Verdade, proba e proceso civil", o maxistrado analizou o peso da verdade ao longo da historia e a lexislación, insistindo en que é moito máis que un concepto filosófico. "Hai autores que volven hoxe a afirmar que a verdade é non só o obxectivo da proba no proceso senón que ademais é unha condición necesaria -aínda que non única- para o logro da sentenza xusta", explicou Picatoste, lembrando que só unha sentenza que na resolución do conflito aplica a norma xurídica a aqueles feitos que verdadeiramente ocorreron na xeración do conflito pode considerarse sentenza xusta. A esta corrente doctrinal súmase o conferenciante, insistindo en puntualizar que "o xuíz, desde a súa posición de terceiro neutral, está realmente interesado en coñecer a verdade". Das partes, sinalou Julio Cesar Picatoste, non pode dicirse o mesmo pois estas actuarán desde a óptica das súas respectivas posicións e pretensións, ao aspirar a gañar; "o seu interese primordial é convencer ao xuíz; por iso, algunha delas poida pretender xustamente o contrario: que o xuíz non coñeza a verdade na medida que lle é adversa".

O conferenciante -académico numerario en posesión da Medalla Nº 34 da Real Academia Galega de Xurisprudencia- lembrou que "a procura da verdade deriva da esencial incerteza que é constitutiva da vida humana; preguntarse pola verdade é un xesto vital e existencialmente humano. A procura da verdade é unha tarefa difícil dada a complexidade da realidade, por iso é polo que un mesmo acontecemento poida ser obxecto de descrições verdadeiras".



REAL ACADEMIA GALEGA DE
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

A verdade é moito máis que un concepto exclusivamente filosófico. “Interesa, desde logo, ao dereito”. Picatoste Bobillo chamou a atención, con todo, sobre o feito de que “a Constitución non inclúe a verdade entre os valores superiores que se enuncian nela, cando é un valor ao que o ordenamento dota de contido xurídico”. Neste punto destacou tanto o significado axiológico da verdade como o valor de carácter político e democrático dela e, citando a Taruffo, insistiu en que “o poder democrático debe basearse nun pacto de verdade cos cidadáns”.

Convicción ou verdade

No seu discurso fixo un repaso da relación entre proba e verdade no ámbito do proceso civil ao longo dos séculos. “Durante o século XIX afirmábase por todos os tratadistas que o obxectivo da proba no proceso era alcanzar a verdade. Pero como queira que se advertiu que, por razóns diversas, a verdade histórica non sempre accedía ao proceso, iniciouse outra perspectiva que afirmaba que a proba tiña por obxecto lograr a convicción do xuíz”. Nunha reacción pendular, engadiu, “hai autores que volven hoxe a afirmar que a verdade é unha condición necesaria para o logro da sentenza xusta” e nesa corrente sitúase o ponente.



De esquerda a derecha: Julio César Picatoste Bobillo, Francisco Manuel Ordóñez Armán, José Luis Seoane Spiegelberg y Miguel Ángel Pérez Álvarez